

## **RECOMENDACIÓNS SOBRE A VENTILACIÓN no CEIP Plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez no CONTEXTO COVID-19**

Seguindo as recomendacións da Consellería de Sanidade e Educación do 4 de novembro de 2020.

- Realizarse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións\*, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases.
- As portas da clase deberán permanecer abertas, así como as ventás e portas dos corredores para facilitar a renovación constante de aire nas aulas.
- 5´ sempre que sexa posible entre clases, e coas medidas de prevención de accidentes necesarias.
- Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.
- Cando un profesional presta asistencia no mesmo espazo con diferentes alumnos/as de xeito consecutivo (orientador/a, profesor/a especialista, ou calquera outro) ventilarase a aula ou sala polos menos 15 minutos logo de cada sesión.
- Non hai obriga, pero si é recomendable, ter as ventás abertas todo o tempo aínda que sexa unha medida que contribúa á renovación do aire.
- No caso de temperaturas extremas invernaís abriremos as ventás durante un tempo de 2 a 5 minutos cada 20 minutos. É máis eficiente realizar maior número de ventilacións de menor tempo en lugar de ter as ventás parcialmente abertas.

\* Con ventilación natural. ventilación cruzada (xanelas e portas en lados opostos).

